

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS E DA INCLUSIÓN SOCIAL NO ANO 2024

O Concello de Monforte de Lemos, a través da Concellería de servizos sociais e igualdade, convoca una liña de subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro municipal de asociacións có fin de promover o desenvolvemento de actuacións no ámbito dos servizos sociais e da inclusión social no exercizo 2024.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27, puntos 23 e 24, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social e en promoción do desenvolvemento comunitario respectivamente.

En virtude deste título competencial aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de benestar.

Así define o sistema galego de servizos sociais como servizo público destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema que perfilan o ámbito propio dos servizos sociais: facilitar recursos e itinerarios de inclusión social, garantir a autonomía persoal, brindar protección e oportunidades sociais e educativas ós menores, facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, e en xeral, ademais, prever a aparición de situación de exclusión social, dependencia, desigualdade ou desprotección as persoas máis vulnerables.

A lei de servizos sociais de Galicia estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, consonte a dous niveis de actuación: comunitarios e especializados. Con carácter xeral ,correspóndelle aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes, pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha esixencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais.

Cómpre destacar que os servizos sociais prestaranos as Administracións públicas galegas ,directa ou indirectamente. Non obstante, as persoas físicas e xurídicas privadas ,de iniciativa social ou carácter mercantil poderán actuar como entidades prestadoras de servizos sociais, exercizo que quedará suxeito ó réxime de rexistro e autorización previa regulado no Decreto 354/2011,de 23 de decembro.

No caso das entidades de iniciativa social o Art. 30 da lei de servizos sociais define como organización ou institucións non gobernamentais que xestionan centros ou desenvolven actuacións e programas de servizos sociais. Os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei promovendo o cumprimento dos fins destas entidades mediante o outorgamento de subvencións que se concederán atendendo ó interese social dos diferentes servizos e proxectos, a súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ó carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación ós obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

Finalmente, en relación á prestación dos servizos sociais por parte das entidades locais cómpre salientar o regulado na Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local modificada pola Lei 27/2013, de 12 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, na que estipula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como

| | | |
|---|---|---|
| <p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0 en la Sede Electrónica de la Entidad</p> | <p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>MARIA LUZ MENDEZ CASTRO-Coordinadora Servizos Sociais - 04/04/2024 GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-Concelleira de Servizos Sociais e Discapacidade - 05/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/04/2024 12:32:10</p> | <p>DOCUMENTO: 20240926689 Fecha: 05/04/2024 Hora: 12:32</p> |
|---|---|---|

CSV: 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0



competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Consonte o anterior, O Concello de Monforte, coñecedor das tarefas prestadas polas distintas entidades sociais da cidade pretende, a través desta convocatoria, axudar a financiar as actividades de carácter social que estas desenvolven.

Tendo en conta o exposto anteriormente, e ao amparo da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia o Concello de Monforte de Lemos convoca esta liña de subvencións de acordo coas seguintes:

B A S E S

Primeira. Obxecto e finalidade da convocatoria

Esta convocatoria pública ten por obxecto a convocatoria do réxime de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva ás entidades privadas de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais no ámbito dos servizos sociais comunitarios e da inclusión social no Concello de Monforte de Lemos para o ano 2024.

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación. Terán carácter voluntario e eventual e non serán invocables como precedente.

Deste xeito, o Concello de Monforte de Lemos pretende fomentar e apoiar o desenvolvemento de proxectos complementarios de servizos sociais comunitarios de entidades de iniciativa social previamente inscritas no Rexistro municipal de asociacións atendendo ó seu interese social, calidade, carácter innovador e articulación efectiva coa oferta pública de servizos sociais comunitarios.

Segunda. Entidades beneficiarias e requisitos

Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nas presentes bases as entidades privadas de iniciativa social ás que se refire o artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, que realicen actividades ou desenvolvan proxectos de interese social para o municipio no ámbito dos servizos sociais e da inclusión social e que soliciten subvención con cargo a esta convocatoria e reúnan á finalización do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

- Ter a sede social ou unha delegación no Concello de Monforte de Lemos.
- Carecer de ánimo de lucro.
- Estar inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Monforte de Lemos como asociación de clase asistencial.
- Dedicarse, con carácter preferente en concordancia cos seus estatutos, ás actuacións recollidas no base primeira.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello, coa Seguridade Social e Axencia Tributaria.
- Non incorrer en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



- g) Que a actividade para a que solicitan a subvención estea prevista dentro dos obxectivos da entidade e acorde co establecido na base terceira das bases reguladoras e recollidos nos seus estatutos fundacionais e se realicen no termo municipal.
- h) Ter xustificado debidamente as subvencións municipais recibidas con anterioridade nos termos que se fixasen nas correspondentes convocatorias.

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución do programa subvencionado.

Quedan excluídas da presente convocatoria as entidades e asociacións de carácter exclusivamente cultural, veciñal, xuvenís, deportivas, ANPAS e profesionais.

Terceira. Actividades e gastos subvencionables

Serán obxecto de subvención o desenvolvemento de actividades e proxectos de carácter social que teña como persoas destinatarias últimas calquera dos colectivos das distintas áreas de actuación propias dos servizos sociais, primando aqueles colectivos de persoas que por razón de índole económica, de saúde ou concorrencia de circunstancias sociais, étnicas ou culturais se atopen en situación de vulnerabilidade social e precisen de medidas de acción positiva que garantan o acceso a calidade de vida e participación social.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que inequivocamente respondan á natureza da actividade subvencionada.

O período de referencia para a imputación dos gastos relativo as a todas as axudas reguladas nas presentes bases será do 01/01/2024 ó 30/11/2024

En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:

- As actividades e proxectos subvencionados no mesmo exercizo a través doutras convocatoria de subvencións municipais.
- Os gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro)
- As adquisicións de bens ou gastos que teñan a consideración de investimento
- Os destinados a atencións protocolarias (comidas, festas, recepcións, agasallos...)
- Os gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de análoga natureza.
-

Cuarta. Financiamento

A contía prevista para a convocatoria de concesión de subvencións a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actuacións no ámbito dos servizos sociais , con cargo á aplicación 231.480.03 do Orzamento municipal do Concello de Monforte de Lemos para o ano 2024 ascende a doce mil euros (12.000 €)

Quinta. Contía e límite da subvención

A determinación da contía de subvención a cada entidade será acordada pola Xunta de goberno local tras a proposta previa da comisión de valoración ,de acordo cós criterios establecidos na base décimo segunda.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0 en la Sede Electrónica de la Entidad

| FIRMANTE - FECHA | |
|---|--|
| MARIA LUZ MENDEZ CASTRO-Coordinadora Servicios Sociales - 04/04/2024 | |
| GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-Concelleira de Servizos Sociais e Discapacidade - 05/04/2024 | |
| serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/04/2024 12:32:10 | |

DOCUMENTO: 20240926689
Fecha: 05/04/2024
Hora: 12:32

CSV: 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0



Así mesmo, a contía máxima da subvención por entidade non poderá exceder os 2.000 euros. Do mesmo xeito, como regra xeral o importe máximo da subvención para cada proxecto ou actividade non poderá exceder do 75% do seu orzamento.

Sexta. Compatibilidade das subvencións

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións e entes públicos ou privados. En ningún caso, o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da actividade ou proxecto subvencionado.

As actuacións que sexan subvencionadas de acordo co establecido nesta convocatoria non serán compatibles con outras concedidas por outros departamentos do Concello de Monforte para a mesma finalidade no exercicio 2024.

Sétima. Presentación de solicitudes e prazo

As entidades interesadas deberán presentar a solicitude e documentación complementaria obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica do Concello de Monforte de Lemos, de acordo co establecido nos Art. 14.2 e 16 da LPACAP.

A solicitude (Anexo I) deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

1. Copia do CIF da entidade solicitante.
2. Fotocopia compulsada do NIF en vigor da persoa física que actúe en representación da entidade.
3. Acreditación da representación(Anexo III)
4. Comunicación de datos bancarios debidamente asinada(Anexo II)
5. Memoria do proxecto descritivo da actividade asinado pola persoa representante con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivos e fins, temporalización, metodoloxía e avaliación a que se destinarán os fondos, de acordo co baremo que figura no punto 12 destas bases(Anexo IV-Memoria da actividade)
6. Escritura de constitución da asociación ou entidade e estatutos vixentes coa composición actualizada da Xunta directiva, para aquelas entidades que participen por primeira vez nesta liña de axudas.
7. Orzamento estimado de ingresos e gastos da actividade con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados(Anexo V)
8. No seu caso, documento de declaración de entidade de utilidade pública
9. No seu caso, plan de igualdade vixente

As entidades responsabilizaranse da veracidade dos documentos presentados. Excepcionalmente, o Concello de Monforte de Lemos poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

O Concello comprobará de oficio a inscrición no Rexistro municipal de Asociacións e a non existencia de débedas coa Facenda municipal.

O prazo de presentación de solicitudes será de **20 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e na Base de Datos Nacional de Subvencións(BDNS).

Se as solicitudes presentadas non reúnen os requisitos sinalados, requiriráselles aos interesados para que no prazo máximo e improrrogable de 10 días subsanen as anomalías advertidas, de non facelo teráselle por desistido da súa solicitude.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0 en la Sede Electrónica de la Entidad

| FIRMANTE - FECHA |
|---|
| MARIA LUZ MENDEZ CASTRO-Coordinadora Servicios Sociales - 04/04/2024 GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-Concelleira de Servizos Sociais e Discapacidade - 05/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/04/2024 12:32:10 |

| |
|------------------------|
| DOCUMENTO: 20240926689 |
| Fecha: 05/04/2024 |
| Hora: 12:32 |

CSV: 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0



Non se admitirán aquelas solicitudes que non sexan presentadas nos modelos normalizados, sen prexuízo da correspondente notificación aos solicitantes para a perceptiva subsanación de erros ou defectos.

A presentación de solicitudes de subvención ao abeiro das presentes bases implicará a aceptación íntegra do seu contido .

Oitava. Publicidade da convocatoria

As bases reguladoras publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOP do seu extracto, sen prexuízo da súa inserción na páxina www.monfortedelemos.es e no taboleiro de anuncios.

Así mesmo, o acordo de concesión será publicado no taboleiro de anuncios do Concello segundo o disposto no artigo 18.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Novena. Procedemento de concesión

A instrución do procedemento corresponderalle ós servizos sociais comunitarios municipais da Concellería de servizos sociais e discapacidade que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución de acordo có informe de valoración emitido pola Comisión de valoración.

Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, creárase unha comisión de valoración que será o órgano colexiado encargado de realizar a selección das solicitudes e de emitir o correspondente informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada no caso daquelas susceptibles de someterse a un réxime de concorrencia competitiva, indicando a puntuación e a axuda aplicable en cada caso. A comisión de valoración estará formada por:

- Presidenta: Concelleira de servizos sociais e discapacidade
- Vogais: coordinadora do departamento de servizos sociais municipais
- Secretario/a, con voz pero sen voto: representante do servizo de intervención municipal.

En caso de ausencia dalgún membro da comisión de valoración, este será substituído pola persoa designada polo/a presidente/a.

A Comisión, logo de avaliadas as solicitudes, á vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria, realizará un informe no que se concretará o resultado da valoración efectuada, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no caso das excluídas, o motivo de exclusión.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver. A proposta de resolución deberá expresar a relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles; especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración e no seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento.



DOCUMENTO
FIRMANTE
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0 en la Sede Electrónica de la Entidad

| FIRMANTE - FECHA |
|--|
| MARIA LUZ MENDEZ CASTRO-Coordinadora Servicios Sociales - 04/04/2024 GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-Concelleira de Servizos Sociais e Discapacidade - 05/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/04/2024 12:32:10 |

| |
|------------------------|
| DOCUMENTO: 20240926689 |
| Fecha: 05/04/2024 |
| Hora: 12:32 |

CSV: 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0



A resolución será motivada e conterá, ademais, do solicitante ou relación de solicitantes aos que se lles concede a subvención a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de 1 mes a contar desde o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes. A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no artigo 58 da LRXAP/PAC.

Transcorrido o referido prazo sen que os interesados obteñan resposta expresa á súa solicitude, entenderase desestimada a petición. O vencemento do prazo sen ter notificada a resolución, lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvencións.

Décima. Recursos

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro da presente convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, perante Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

Décimo primeira. Criterios obxectivos de outorgamento e ponderación

A) A adxudicación das subvencións farase en concorrencia competitiva tendo en conta os principios de igualdade, transparencia, non discriminación e obxectividade, e as puntuacións alcanzadas serán as que determinan as subvencións obxecto de concesión conforme aos seguintes criterios de valoración, tendo en conta que cada proxecto poderá ser valorado cun máximo de **20 puntos**:

1-Calidade e contido técnico do proxecto cun máximo de **12 puntos** desagregados do seguinte xeito:

- Calidade do proxecto. Terase en conta a claridade na descrición, fundamentación da necesidade, contextualización no Concello de Monforte, formulación obxectivos e concordancia coa finalidade da convocatoria, destinatarios, actividades, metodoloxía,, recursos necesarios, indicadores de avaliación e incorporación da perspectiva de xénero (**Ata 6 puntos**):
 - ✓ Actividades/proxectos definidos axeitadamente...5 puntos.
 - ✓ Actividades/proxectos con definición máis xeral, aínda sendo axeitada pero insuficiente...3 puntos.
 - ✓ Actividades/proxectos nos que se defina dun xeito indicativo sen pormenorizar..1 puntos.

Os proxectos anteriores que se desenvolvan con integración de perspectiva de xénero sumarán 1 punto.

- Temporalización das actividades e sostibilidade no tempo (**Ata 2 puntos**):
 - ✓ Actividades cunha duración inferior a un trimestre...0,5 puntos
 - ✓ Actividades cunha duración entre 3 a 6 meses...1 puntos
 - ✓ Actividades cunha duración de mais de 6 meses e con perspectiva de continuidade.....2 puntos
- Atención a tipoloxía de necesidades atendidas (**Ata 4 puntos**):
 - ✓ Necesidades relacionadas coa inclusión social básica...4 puntos



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0 en la Sede Electrónica de la Entidad

| FIRMANTE - FECHA | |
|---|--|
| MARIA LUZ MENDEZ CASTRO-Coordinadora Servicios Sociales - 04/04/2024 | |
| GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ,Concelleira de Servizos Sociais e Discapacidade - 05/04/2024 | |
| serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/04/2024 12:32:10 | |

DOCUMENTO: 20240926689
Fecha: 05/04/2024
Hora: 12:32

CSV: 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0



- ✓ Necesidades de carácter sociosanitario tanto a nivel preventivo como asistencial ou rehabilitador...3 puntos
- ✓ Necesidades de normalización laboral/educativa....2 puntos
- ✓ Necesidades de relación social, ocio e tempo de lecer de maiores...1 puntos

2-Incidencia social do proxecto cun máximo de **5 puntos** desagregados do seguinte xeito:

- Número persoas participantes(**Ata 2 puntos**):
 - ✓ Ata 10 persoas... 0,50 puntos
 - ✓ De 11-25 persoas... 1 puntos
 - ✓ Mais de 25 persoas ...2 puntos
- Apertura actividades (**Ata 1 puntos**):
 - ✓ Actividades abertas á poboación ...1 puntos
 - ✓ Actividades só para socios...0,5 puntos
- Declaración da entidade como entidade de Utilidade Pública :**1 punto**
- Plan de igualdade vixente:**1 punto**

3-Traxectoria da entidade cun máximo de **3 puntos**:

- ✓ Entidades con 10 o mais anos de antigüidade....3 puntos
- ✓ Entidades cunha antigüidade entre 5 e 9 anos.....2 puntos
- ✓ Entidades cunha antigüidade de menos de 5 anos.....1puntos

B) O cálculo da subvención basearase no valor punto que será o resultado de dividir o importe total do proxecto subvencionable do correspondente exercicio (custe do proxecto menos os ingresos previstos) entre a puntuación máxima que se pode obter (20 puntos).

No caso de que exista remanente poderase incrementar o importe das subvencións, sen superar o importe máximo subvencionable, de forma proporcional ata esgotar a aplicación orzamentaria correspondente.

No caso de que o importe resultante da asignación de puntuación resulte superior do establecido como máximo no orzamento municipal para 2024 o importe das subvencións reducirase proporcionalmente.

Décimo segunda. Aceptación da subvención e compromisos das entidades beneficiarias

Os beneficiarios disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención. Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada, de acordo con artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

As entidades beneficiarias se axustarán as obrigas xerais recollidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello e na Lei Xeral de Subvencións (artigos 10 e 14 respectivamente).En particular,as entidades beneficiarias deberán:

- ✓ Levar a cabo a actuación subvencionable nos prazos que indiquen na solicitude,así como presentar a xustificación en forma e prazo.

| | | |
|--|---|----------------------------------|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20240926689 |
| | MARIA LUZ MENDEZ CASTRO-Coordinadora Servicios Sociales - 04/04/2024 GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-Concelleira de Servizos Sociais e Discapacidade - 05/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/04/2024 12:32:10 | Fecha: 05/04/2024 Hora: 12:32 |



- ✓ Realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán , polo menos, en incluír a imaxe institucional do Concello de Monforte de Lemos en carteis, placas... ou calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade e veracidade da difusión.

Décimo terceira. Forma e prazo de pagamento da subvención

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación do certificado bancario con número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados no punto 15 destas bases.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Non se contempla a posibilidade de realizar pagos anticipados e abonos en conta.

Décimo cuarta. Xustificación

Establécese como prazo para a xustificación dos proxectos executados no exercicio 2024 ata o día **01 de decembro de 2024** incluído.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:

- a) Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas ou a financiar coa subvención e o seu custo no exercicio 2024
- b) Xustificación económica do gasto subvencionado que deberá realizarse mediante a presentación de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das mesmas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa .As facturas deberán estar seladas e firmadas constando o recibo de pagamento. En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario. En todo caso, deberá acreditarse debidamente o pagamento das facturas e demais documentos presentados como xustificación dos gastos subvencionados.
- c) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas
- d) Declaración xurada do beneficiario que acredite a realización da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada
- e) Relación desagregada de cada un dos gastos realizados e ingresos percibidos con motivo da actividade subvencionada
- f) Acreditación de que se lle deu difusión ó financiamento recibido
- g) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

As facturas presentadas rexeranse polas seguintes normas:

Todas as facturas que se presenten deberán conter os datos que esixe o Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturar, que son os seguintes:

- a. Número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0 en la Sede Electrónica de la Entidad

| FIRMANTE - FECHA | |
|---|--|
| MARIA LUZ MENDEZ CASTRO-Coordinadora Servicios Sociales - 04/04/2024 | |
| GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-Concelleira de Servizos Sociais e Discapacidade - 05/04/2024 | |
| serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/04/2024 12:32:10 | |

| |
|------------------------|
| DOCUMENTO: 20240926689 |
| Fecha: 05/04/2024 |
| Hora: 12:32 |





b. Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal, e domicilio de quen a expide e do destinatario.

c. Descrición e data de realización da operación e a súa contra prestación total. Desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable (non se admitirán facturas co I.V.E. incluído)

d. Lugar e data de emisión.

2.- Nos pagos realizados a profesionais por servizos prestados (charlas, conferencias, colaboracións, etc) deberá constar ademais na factura emitida ao efecto, a retención realizada en concepto de IRPF que deberá ser ingresada en Facenda.

3.- As facturas deberán estar datadas no ano no que se concedeu a subvención.

4.- Si se está exento de IVE, engadir na factura: "EXENTO DE IVE EN VIRTUDE DO ARTIGO QUE CORRESPONDA SEGUNDO Os SUPPOSTOS DA LEI 37/1992, DE 28 DE DECEMBRO, DO IVE".

Décimo quinta. Reintegro de subvencións

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a concesión ou ocultando aquelas que o impidisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- e) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.
- f) A adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

Décimo sexta. Responsabilidades e réxime sancionador

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Décimo sétima. Control

O Concello poderá levar a cabo actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados nesta convocatoria.

Disposición adicional

Para os supostos non previstos nas presentes bases estarase ao disposto na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, e de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro de, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0 en la Sede Electrónica de la Entidad

| FIRMANTE - FECHA | |
|---|--|
| MARIA LUZ MENDEZ CASTRO-Coordinadora Servicios Sociales - 04/04/2024 | |
| GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-Concelleira de Servizos Sociais e Discapacidade - 05/04/2024 | |
| serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/04/2024 12:32:10 | |

DOCUMENTO: 20240926689
 Fecha: 05/04/2024
 Hora: 12:32

CSV: 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0





Asdo. M^a Luz Méndez Castro

A coordinadora dos servizos sociais municipais

Có visto e prace de Gloria Prada Rodríguez, a Concelleira de servizos sociais e discapacidade



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000E23E100Y2G3C3F1H7X0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA LUZ MENDEZ CASTRO-Coordinadora Servicios Sociales - 04/04/2024
 GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-Concelleira de Servizos Sociais e Discapacidade - 05/04/2024
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/04/2024 12:32:10

DOCUMENTO: 20240926689
 Fecha: 05/04/2024
 Hora: 12:32

